

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019050	IES de Beade	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Beade, unha parroquia periurbana próxima ao centro da cidade de Vigo. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PROCURAR	O alumnado realizará procuras en distintos medios co fin de atopar información sobre o concepto de sustentabilidade, tomando conciencia da situación actual, das causas que conduciron a ela así coma das consecuencias para o futuro das mesmas. A información deberá plasmarse nun traballo por equipos que considere todo o aprendido e no que queden reflectidas tanto as Fontes de Información consultadas coma a súa reflexión sobre o Estado da Cuestión.	20	10	X		
2	PROXECTAR	Cos coñecementos adquiridos, o alumnado, dividido nos mesmos equipos, formulará teoricamente diversos proxectos que leven á práctica a teoría. Finalmente, cada grupo seleccionará un proxecto deseñado que deberá dar a coñecer ante o resto dos compañeiros nunha presentación cara o final do trimestre.	35	10		X	
3	PRODUCIR	Os diversos grupos levarán a cabo o proxecto presentado na avaliación anterior, no que se porá en práctica todo o aprendido ata o momento. A materialización do mesmo será aberta e realizarase acordo ás características máis afíns á idea, co fin de obter como resultado un produto creativo e innovador no que primen as 3 R: reciclar, reutilizar e recuperar	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PROCURAR	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura da reciclaxe, reutilización e recuperación dos residuos.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	PROXECTAR	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	PRODUCIR	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os proxectos realizados e os produtos obtivos a partir deles.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na elaboración e presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Nas nosas mans".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na primeira avaliación determínase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar: a importancia da sustentabilidade dentro da axenda 2030 centrándose na reciclaxe, redución e a reutilización de residuos, para o que o alumnado procurará información mediante distintas fontes sobre o Estado da Cuestión.

Na segunda avaliación, os distintos grupos cooperativos, centraranse en levar á práctica a teoría adquirida previamente mediante o deseño de diferentes proxectos, dos que finalmente seleccionarán un que deberán dar a coñecer aos compañeiros nunha presentación cara o final do segundo trimestre.

Na terceira avaliación, o alumnado materializará o proxecto seleccionado obtendo un produto final acorde as características máis afíns a idea inicial, con fin de obter coma resultado un produto creativo e innovador no que primen as tres R: reciclar, reutilizar e recuperar.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión a través das diferentes canles de comunicación dispoñibles do centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá
- Lingua Galega
- Xeografía e Historia

- Matemáticas
- Economía
- Tecnoloxía e Dixitalización
- Educación Plástica e Visual
- Lingua Inglesa
- Educación Física

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de ordenadores
Cadernos
Materiais de refugallo
Recursos dixitais

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Ademais, dispónse dunha aula de informática empregada para a busca de información.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial oral baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación dun traballo escrito (presentación de diapositivas, infografía, blog, etc) no que figure un resumo dos contidos investigados en cada grupo, seguindo unha estrutura coherente que conduza ás conclusións obtidas tras as procuras de información sobre o tema proposto e no que tamén figurarán as diferentes

fontes consultadas seguindo pautas normativas para a bibliografía e webgrafía.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier no que se presenten tanto os diferentes proxectos xurdidos tras o análise da información obtida con anterioridade coma o finalmente seleccionado para desenvolver no posterior trimestre. O proxecto escollido presentarase ante o resto da clase nunha sesión por grupo antes de que remate a avaliación.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Materialización e exposición do proxecto, cun carácter de resolución aberto a diferentes propostas sempre dentro dun nivel de coherencia que faga que o produto final sexa acorde as características máis afíns a idea inicial, ao tempo que cumpre o condicionante das tres R (reciclar, reutilizar e recuperar) dende unha perspectiva creativa e innovadora.

Á hora de determinar as cualificacións trimestrais, os proxectos en grupo puntuarán 7 puntos (70%), o traballo na aula 2 puntos (20%), e a participación 1 punto (10%).

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A cualificación ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais, con pesos de 30% para as dúas primeiras e 40% para a terceira. O resultado de dita media determinará a cualificación da avaliación final. En calquera caso, a nota mínima para superar calquera das avaliacións (incluída a final) deberá ser igual ou superior a 5.

Cráterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o remate o curso cunha nota media inferior a 5, deberá realizar unha proba escrita final sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Establécense dúas vías para a superación da pendente:

1. SEGUIMENTO PERIÓDICO:

Os alumnos e alumnas que promocionen de curso coa materia pendente recibirán un plan de traballo para recuperala no curso seguinte. Convocarase unha reunión por trimestre coa fin de facilitar a información relativa ás tarefas a desenvolver nos dous primeiros trimestres do curso, mais o alumnado terá tamén acceso a tódalas cuestións que rexen a recuperación da materia a través da aula virtual do centro.

O plan de traballo consistirá na realización de dous documentos escritos onde se dea conta gráfica tanto da investigación realizada para a Unidade 1 (Procurar) como da Unidade 2 (Proxectar). Acadarase calificación favorable sempre que se responda positivamente ás entregas atendendo aos mesmos criterios de avaliación correspondentes ao curso do que se está a examinar o alumno/a durante a 1ª e 2ª avaliacións. Deberán respectarse as datas límite de entrega e non se recollerán traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través das 2 entregas parciais de traballos que abordan contidos mínimos da materia e que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. A cualificación en cada unha das avaliacións parciais consistirá nunha nota numérica obtida seguindo unha rúbrica de contidos mínimos esixibles para a consecución destes últimos. Para poder superar a pendente será imprescindible tamén que, como mínimo, se acade unha cualificación de 3 nunha das entregas parciais, valorándose cun 0 os non presentados. As entregas terán lugar antes do remate da 1ª e da 2ª avaliacións do curso, figurando a calificación obtida no boletín de notas trimestral. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais..., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 2 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 40%

- 2ª entrega: 60%

Os contidos mínimos que deberán superar son os mesmos que se especifican para o nivel ao que se presenta.

2. A superación da materia do curso superior implica a recuperación automática da pendente de PC 3º ESO posto que os obxectivos, competencias, metodoloxía, etc, seguen postulados semellantes onde unicamente varía a temática do proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a empresas que produzan a partir de materiais reciclados	Charla e visita a diferentes empresas que elaboren os seus produtos a partir de material reciclado	X		
Visita a puntos de tratamento de residuos	Charla e visita a diferentes puntos de tratamento de residuos que cumpran cos obxectivos 2030	X		
Recolleita de refugallos en espazos da contorna próxima ao centro	Saída a espazos naturais locais (praias, bosques...) co fin de atopar materiais de refugallo para a elaboración dos proxectos.		X	
Exposición pública dos traballos	Exposición e explicación do proxecto á comunidade educativa.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados